

Pedro Álvarez, mestre en Compostela: pequena historia da Academia Comercial (1944-1980)

Pedro Álvarez, a Compostela schoolteacher: a brief history of the Commercial Academy (1944-1980)

Isabel ÁLVAREZ GARCÍA

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Neste artigo dase a coñecer brevemente a vida de Pedro Álvarez, mestre en Compostela e a historia da Academia Comercial dende que entrou en funcionamento no ano 1949 ata o seu peche en 1980. Nel faise percorrido pola súa vida e estudos, así como un comentario da evolución metodolóxica e didáctica seguida nese centro educativo ó longo dos anos sinalados e que tivo marcada incidencia na vida escolar Compostelá.

PALABRAS CLAVE: Mestre, maxisterio, academia, xornada escolar, actividades extraescolares, internado, dictadura

ABSTRACT: This article briefly illustrates the life of Pedro Álvarez, a Compostela schoolteacher and the history of the Commercial Academy, from its beginnings in 1949 until it closed in 1980. A description of his life and studies is presented, in addition to a discussion of the methodological and educational evolution that took place in this center of learning over the course of these years, which had a great impact on educational life in Compostela.

KEY WORDS: Schoolteacher, teaching, academy, school day, extracurricular activity, boarding school, dictatorship

Infancia e mocidade dun mestre

Pedro Álvarez naceu o 6 de xuño do ano 1915 en Candai, unha aldea fermosísima pertencente ó municipio de Outeiro de Rei na provincia de Lugo. Candai, está na Terra Chalguesa, unha aldea pequena no medio dunha enorme chaira, rodeada de carballos con poucas casas e poucos habitantes. Non sei agora, pero fai uns 50 anos non había máis de 40 persoas vivindo nela.

Pedro vive cos seus pais Manuel María e Casilda, e tres irmáns máis Manuel, Antonio e José. Tamén vivían con eles os abuelos paternos dedicándose todos ás labores do

campo. Pedro non quere traballar na aldea, non lle gusta, gústalle ler, escribir, estudar. Seu pai o sabe por eso, cando Pedro vai cumprir 12 anos, decide enviálo a Madrid para estudar no Colexio dos Franciscanos.

Estudia en Madrid ata o ano 1934, pero ós 19 anos volta para Candai coa idea de marchar de novo, esta vez para Oviedo a traballar na casa do seu primo que tiña alí unha xoiería.

No ano 1936, cando estala a guerra, Pedro está en Oviedo traballando e decide alistarse, pero ós poucos meses é ferido no fronte e declarado mutilado de guerra polo que se traslada ó Hospital Militar de Ourense. Tan pronto se recupera é enviado a fábrica de armas da Coruña onde coñece a Escravitude García que estaba estudiando no Instituto feminino.

Mentres Pedro traballa na fábrica, o seu irmán José decide matricularse na Academia Comercial de Lugo e presentarse por libre os exames da Escola de Comercio. Cando remata os estudos, o director da Academia Comercial proponlle montar unha academia en Santiago. En 1945 alquila unha casa na Rúa Travesa e fala con Pedro para que lle axude na docencia. Pedro só tiña os estudos que realizara nos franciscanos en Madrid e non lle parece boa idea trasladarse a Santiago e dar clases xa que non ten o título de mestre. Tamén é certo que Pedro estaba namorado de Escravitude polo que non lle facía moita ilusión marchar para Santiago.

José tenta convencelo xa que él só non se sinte capaz de levar adiante unha academia e sobre todo tamén porque se sentía con pouca formación no tocante a área das humanidades mentres que a formación de Pedro nesta rama do saber fora máis intensa no colexio dos Franciscanos.

A academia comercial.

Os inicios

Cando chegan a Santiago o primeiro que fan é buscar un lugar onde instalarse, unha casa ou un piso para alquilar, a ser posible que lles permita dispoñer dunhas aulas para dar clase e o mesmo tempo instalar a súa vivenda. Atopan unha casa de dous pisos na Rúa Travesa, non é moi ampla pero suficiente para empezar. Tampouco sabían cantos alumnos iban ter nin se os estudos que iban impartir serían moi solicitados, en fin toda unha aventura.

Pedro casara con Escravitude no 1946, xa están vivindo os dous en Santiago. A Academia ten un éxito total, tanto que un profesor que se dedicaba a dar clases de comercio, vendo o ben que lles iba a Pedro e a José, decide pasarlle todos os seus alumnos. O piso da Rúa Travesa xa non daba para máis, xa non cabían todos os alumnos matriculados, así que tan pronto remata o curso 1947 buscan outro local máis grande.

A casa que alquilan é no número 13, na Praza de Cervantes, parece un pazo: catro andares comunicados por unha escaleira ancha con pasamáns de ferro e o rodapés alto de madeira de pino roxo; cada andar ten varias dependencias tan grandes como salóns

de baile nas que caben moitas mesas o que lles permitía, sen demasiados gastos de obra, habilitar as aulas rápidamente. Os dous primeiros andares cun total de 5 aulas, todas exteriores con luz natural, conforman a Academia, o 3º e o 4º para vivenda, ¡qué vivenda!. A cociña está no 3º andar e no mesmo andar o salón no que estaba a capela dende a que se miraba a Praza de Cervantes. Só a cociña era tan grande como un piso dos de agora, o resto, habitacións e cuarto de baño, un enorme faiado con claraboia por onde entraba a luz do sol que iluminaba ás escaleiras e que servía, ó mesmo tempo, de “patio” onde xogar os 6 fillos que tiveron Pedro e Escravitude. En realidade toda a casa era como un gran lugar de recreo, sobre todo os sábados pola tarde e os domingos que era toda para os nenos. Xogaban ó escondite, a galiña cega... e a un sinfín de xogos.

Comeza a funcionar a academia no ano 1948, matricúlanse aproximadamente 30 alumnos dos que o 20% son mulleres.

Pedro, segue preocupado por non ter o título de mestre e non se sinte ben para seguir dando clases, por este motivo, no ano 1949 matricúlase, por libre, no Instituto Nacional de Enseñanza Media de Lugo para facer os estudos de bacharelato, estudos que remata no 1951. Tamén por libre, no ano 1951, inicia os de Maxisterio na Escola do Maxisterio Masculino de Lugo acadando a titulación de mestre no ano 1955.

A xornada escolar.

Configúrase o espacio físico da Academia de tal xeito que no primeiro andar impárten-se os estudos de comercio, tres aulas en total, unha delas para clases de mecanografía. Todas as asignaturas de comercio: cálculo, contabilidade, etc. son atendidas por José Álvarez. No 2º andar con dúas aulas, daban clase Pedro Álvarez e a súa dona Escravitude García as asignaturas de matemáticas, historia, xeografía, literatura, dibuxo, etc. Escravitude daba clases na primeira etapa, pero a partir do terceiro fillo, Manuel, xa non se poido adicar ó ensino.

O momento do recreo consistía en saír á praza e pasar o tempo cada un como quería, ata que empezaban de novo as clases. Era un patio “espectacular”, a Praza de Cervantes, cunha fonte no medio, o banco Olimpio Pérez a esquerda baixo os soportais, a igrexa de San Bieito ó fondo e logo as ruas que confluían: Algalia de Arriba, a de Abaixo, o Preguntoiro, e a Calderería. Misturábanse os xogos dos alumnos da Academia co andar dos peregrinos que pasaban cara a Catedral, a xente que ía o banco, os que ían a praza de abastos e a un sinfín de pequenas tendas de ultramarinos que había arredor da plaza. Poucos coches pasaban daquela e cando o facían os nenos deixaban de xogar e reanudaban o xogo tan pronto pasaban. En inverno eran os soportais os que os protexían da choiva.

As mesas eran corridas con bancos a ambos lados, tamén corridos. Un enorme encerado un globo terráqueo, varios mapas colgados na parede, o de España físico e político e outro dos cinco continentes configuraban o mobiliario. Espallados polas mesas había tamén libros, unha caixa con figuras xeométricas de madeira e outra con diversos minerais, tinteiros, tizas e borradores. Había tamén un enorme compás de madeira para facer figuras no encerado, unha escuadra, cartabón e regra de enormes dimensións.

Como no segundo piso só había dúas aulas, a miúdo misturábanse os alumnos dos distintos cursos, na mesma clase coincidían os que estaban a facer primeiro, os de segundo, etc. Mentras Pedro impartía a clase de matemáticas para un curso, o resto, estudiaba, preparaba os deberes ou cumpría o “castigo” habitual de facer copias, máis que un castigo non deixaba de ser unha maneira coma outra calquera de conseguir que estiveran calados, entretidos e facendo algo, tamén os había que andaban a argallar con calquera cousa polo que era habitual que durante a clase Pedro tivera que chamar a atención ós que estaban a facer outros labores. Cando remataba unha asignatura pasaba á seguinte, xuntaba os alumnos do mesmo curso e seguía así toda a xornada, mañá e tarde inclusive os sábados.

As clases de matemáticas e as de xeografía eran moi activas e participativas. Na clase de matemáticas Pedro Álvarez sempre estaba de pé diante do encerado escribindo os problemas a resolver, explicando detalladamente os pasos a seguir, mesmo debuxaba impecablemente as figuras xeométricas. O feito de vivir na mesma casa onde impartía as clases axudáballe a empregar outros materiais didácticos que non tiña na clase. Recordo que sendo alumna del un día que nos estaba a explicar o que era un cono esférico, subiu á cociña colleu unha pataca e cun coitelo construiu a figura xeométrica.

Nas clases de xeografía utilizaba sempre os mapas colgados da parede para que os alumnos souberan sempre de que país se estaba a falar e mesmo mandaba ós alumnos situar os ríos, os montes, os mares, etc.

Facían moitos dictados, utilizaba tamén cuadernos de caligrafía e lectura en alto de párrafos de obras dos distintos autores.

A relación cos pais ou titores dos alumnos era moi intensa. Durante o curso Pedro informaba ós pais como ían os estudos dos seus fillos, mesmo os chamaba ou se poñía en contacto con eles por carta. A maior parte deles era dos arredores de Santiago, de Santa Comba, Conxo, Vidán, Vilvestro... e mesmo algún deles estaba interno na Academia Comercial.

Pouco a pouco a matrícula foise incrementando chegando, cos anos, a ter máis de 200 alumnos. Unha vez que remataba o curso e cando a Escola de Comercio da Coruña facía a convocatoria para os exames dos alumnos que estudaban por libre, Pedro e José acompañaban a todos os que consideraban que estaban debidamente preparados. Pasaban alí tantos días como duraban os exames para axudarlles a resolver dudas de última hora mesmo para darlles ánimos e tranquilizalos.

Organizaban o que eles chamaban “escursións didácticas” que consistían en visitas a lugares que consideraban de intererés para a formación dos alumnos. Desta forma coñeceron como se construían os barcos na Bazán en Ferrol, visitaron a fábrica de Porcelana Álvarez en Vigo e unha fábrica de peines en Ourense. Quedaron abraizados cando coñeceron o Salto de San Estebo de Ribas do Sil no momento en que se iniciaba a súa construción, lugar ó que volveron cando xa estaba rematada a obra. Para estes desprazamentos utilizaron sempre a Empresa de transportes Juan Rico porque un dos fillos do dono era alumno da academia.

“Actividades extraescolares”

Algúns alumnos da academia chegaron a formar un equipo de fútbol e outro de baloncesto. Evidentemente a Academia non dispoñía de campos apropiados, mellor dito non tiña campos para as actividades deportivas a non ser a propia praza e as que estaban máis cerca, sobre todo a Praza da Quintana. Eles “entrenaban” fundamentalmente nas súas casas, cada un por separado, e, cando viña o bo tempo organizaban un partido, as veces entre eles e outras, contra estudantes dalgún outro colexio como foi o de a Academia Alcazar. Meu pai gardaba varios trofeos conseguidos por gañar moitos de eses partidos. Meu irmá Pedro, o maior, recorda con claridade estes partidos e a modo de anécdota cóntame que a Academia “subvencionaba” estes equipos comprándolles o balón de fútbol...

Consolidación da Academia Comercial

Ata o ano 1959 a Academia segue a súa andaina. O número de alumnos matriculados oscilaba entre 200 e 250 e en Compostela adquirira xa unha certa sona porque o número de alumnos aprobados era moi alto e tanto Pedro como José eran considerados moi bós profesores.

Precisamente ese ano de 1959, José Álvarez deixa a Academia porque se traslada a Coruña. Ó marcharse él, a Academia queda sen profesor para os estudos de Comercio. Este é o momento en que Pedro queda como único responsable da mesma e este é o momento tamén en que se produce por primeira vez na historia da Comercial a contratación de profesorado. Tres profesores foron contratados: José Parga, Mejuto e Otero. Tamén tivo que contratar outra persoa para a clase de mecanografía, D. Gervasio que mentres impartía as clases de mecanografía cantando a viva voz e de memoria que dedo pulsaba cada unha das teclas, atendía e vixiaba ós alumnos que entraban e saían da Academia.

O deixar de impartir os estudos de comercio, a Academia inicia os de Enseñanza Media. Comenza a admitir alumnos para preparar o ingreso e continúa cos estudos dos cursos 1º ata 4º e revalida, por este motivo Pedro Álvarez ten que contratar varios profesores, de Latín, de Física e Química e de Francés.

O número de matriculados seguíase mantendo entre os 150 e 200. A maior parte deles eran de Santiago e dos arredores e moitos deles viñan dos Institutos da cidade donde non lograran ter demasiado éxito nos seus estudos. A Academia seguía tendo moita sona. Pedro intentaba que non suspendera ninguén nos exames por libre e esa dedicación, case exclusiva en moitos momentos con cada un dos alumnos, contribuíu a esa sona.

Iniciou tamén por esta época o que hoxe se chama a Educación de Adultos. Rematado o horario de clase de bacharelato, xa pola tardiña, tiña varios alumnos maiores que querían aprender a ler e escribir e facer algo de contas, él lles chamaba “Clases de cultura general” na que os alumnos non pretendían presentarse a ninguha proba nin examinarse, simplemente ter os coñecementos básicos.

Continuaba realizando tamén as excursións didácticas: Nesta época foron ó Salto de Belesar, ó matadoiro de Lugo, visitas ás conserveiras e a as pesqueiras do río Ulla ó seu paso por Padrón, etc.

A Academia continuaba ofrecendo catro prazas para alumnos internos que viñan de fora e vivían con nós, e mesmo nos anos 60 viuse incrementada coa chegada de 5 sobriñas de Pedro Álvarez fillas de Manuel, seu irmá, que vivían en Candai. Viñan a Santiago co fin de facer o Bachillerato. Tamén se sumaron tres sobriños máis, por parte de Escravitude para facer as súas carreiras respectivas. Unha gran familia vivindo en Cervantes, unha casa sempre chea de xente a todas as horas do día e da noite, a porta da casa sempre aberta, nin tan siquera había que chamar ó timbre.

Última etapa

No ano 1969 a Academia deixa de impartir os estudos de comercio, debido a que ás universidades absorberan esas titulacións a través das Facultades de Ciencias Económicas. Pedro Álvarez vese na obriga de extinguir o contrato de todos os profesores das asignaturas de comercio exceptuando o que daba clases de mecanografía, D. Gervasio, pois aínda había xente que tiña interese en aprender a escribir a máquina.

Por outra parte, Pedro, José Luis, Manolo, Isabel, Antonio y Ana, fillos de Pedro e Escravitude empezaron a substituír ós profesores contratados de, física e química, latín e francés ó mesmo ritmo que cada un deles iniciaba o 5º curso, matriculados nos institutos compostelanos, comenzaban así a súa experiencia docente titorizada en todo momento por Pedro Álvarez o noso mestre. Comenzou Pedro ós 16 anos impartindo Física e Química, José Luis, o segundo non participou nesta etapa xa que unha vez rematado o bacharelato foi a Coruña a facer os estudos de comercio. Manuel, tan pronto cumpriu os 16 anos empezou a dar as clases de francés. A mesma idade Isabel daba latín. Antonio xa non chegou a impartir clases e Ana, a mais pequena continuou coas clases de mecanografía. Por certo Ana foi a única dos fillos que se fixo mestra.

A Academia seguiu funcionando ata o ano 1980 cando Pedro Álvarez se xubila. Pero foi a lei General de Educación de Villar Palasí do ano 1970 que propón a obrigatoriedade e gratuidade da Educación Xeral Básica así como a necesidade de crear centros coa dotación de medios adecuados para poder desenvolve-la, a que marcou progresivamente o fin da Academia Comercial. A creación de novos centros educativos na cidade, con instalacións axeitadas e a titulación que todo o profesorado tiña obrigatoriamente que ter e dado que ningún dos fillos de Pedro Álvarez quería adicarse ó ensino desembocou no peche da Academia.

Pedro Álvarez e Escravitude García seguiron vivindo na mesma casa de Cervantes 13, pero os primeiros pisos quedaron baleiros. Xa non había alumnos e alumnas subindo e baixando polas escaleiras, nin dentro das clases, nin había barullo. A porta de entrada fechouse e dende aquela sí foi necesario utilizar o timbre.